



## **BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES. ENTROIDO EN SADA 2018.**

### **1.- OBXECTO.**

É obxecto das presentes bases regular o concurso de disfraces que se celebrará o domingo día 11 de febreiro e que organiza a Concellería de Cultura e Praias dentro da programación do Entroido en Sada 2018.

### **2.- PARTICIPANTES.**

**2.1.** Poderán participar todas aquelas persoas e colectivos interesados, sen límite de idade. As persoas concursantes deberán participar nun desfile polas rúas de Sada.

**2.2.** Poderase participar en 3 categorías: INDIVIDUAL, GRUPOS, CARROZAS, optando a 3 premios en cada unha delas.

### **3. INSCRICIÓN.**

**3.1.** A inscrición poderá realizarse cubrindo un formulario no que se recollerán os datos necesarios, o número de compoñentes e a categoría de concurso, a temática dos disfraces, etc.

O formulario estará dispoñible para cubrir online na páxina web a través da seguinte ligazón <http://www.concellodesada.com/ga/festas/entroido>. Tamén haberá a opción de enviar o formulario cuberto á dirección de correo electrónico [sada.cul@sada.gal](mailto:sada.cul@sada.gal), ou facelo de forma presencial na OMIX de Sada en horario de 9:00 a 14:00h. e de 16:00 a 18:00h.

### **3.2. PRAZOS DE INSCRICIÓN:**

- O prazo de inscrición rematará o xoves 8 ás 17:00h.
- No caso da inscrición en CATEGORÍA INDIVIDUAL, e só para esta categoría, as persoas que queiran participar poderán inscribirse no mesmo momento no que vaia comezar o concurso.

### **4.- NORMAS DE PARTICIPACIÓN.**

**4.1.** As e os participantes inscritos no concurso de disfraces do 11 de febreiro achegaranse , ás 17:00 ao punto de inicio do desfile, establecido na carpa situada detrás do edificio "La Terraza". Deberán desfilas polas rúas de Sada amosando os seus disfraces ao público e ao xurado, exhibindo as súas coreografías e animación musical (en caso de que as teñan). O xurado valorará os disfraces e a animación festiva durante o desfile.

**4.2.** Establécense 3 categorías: INDIVIDUAL, GRUPOS (*considerarase grupo ao conxunto de disfraces coa mesma temática formados por un mínimo de 3 persoas*) e CARROZAS (*agrupacións con disfraces dunha mesma temática que inclúan plataformas móbiles*). En cada unha outorgaranse 3 premios que serán detallados no punto 6 destas bases. Cada participante concursará nunha única categoría, o que quedará recollido na súa inscrición.

**4.3.** O xurado disporá dunha táboa para a valoración dos disfraces. Os seus integrantes disporán do tempo do desfile para realizar a valoración dos GRUPOS e das CARROZAS concursantes. Organizarase un pequeno desfile sobre o escenario da carpa do Entroido no que intervirán as persoas que queiran participar na categoría INDIVIDUAL.

**4.4.** O resultado das votacións farase público na carpa do Entroido á finalización dos desfiles, tras da suma das puntuacións recollidas nas táboas de valoración dos compoñentes do Xurado.



## 5. XURADO E CRITERIOS.

**5.1.** Proposto pola Concellería de Cultura e Praias, o xurado estará composto por un mínimo de 3 persoas.

**5.2.** O xurado deberá valorar:

- a. estética, orixinalidade e creatividade dos disfraces.
- b. posta en escena (acompañamento con coreografías, instrumentos...).
- c. detalles da maquillaxe, máscaras e demais complementos propios do Entroido.
- d. elaboración propia/artesanal.
- e. valoraranse as carrozas e “vehículos” inscritos na categoría de carrozas mediante os criterios anteriores que sexan de aplicación.

A organización aportará unha táboa para axudar a realizar a valoración nas diferentes categorías. Cada criterio valorarase de 0 a 10 puntos para obter unha puntuación final. Ao remate do desfile as/os compoñentes do xurado reuniranse para fallar un resultado e comunicalo publicamente. As/os premiados estableceranse segundo as puntuacións totais obtidas, despois da suma das valoracións parciais de cada compoñente do xurado.

**5.3.** O xurado deberá valorar os disfraces das carrozas e os grupos durante o seu paso polas rúas de Sada e aos participantes en categoría individual no interior da carpa do Entroido.

**5.4.** O xurado poderá descartar do concurso a aqueles participantes que se comporten indecorosamente ou exhiban condutas que poidan considerarse ofensivas, vexatorias ou de mal gusto, tanto cara o público como cara a organización.

## 6. PREMIOS.

**6.1.** O xurado propondrá 3 premios por categoría, que describimos a continuación:

**CATEGORÍA INDIVIDUAL:** o disfrace gañador recibirá un ordenador portátil; o segundo premio será unha cámara GoPro; establécese un terceiro premio que consistirá nun ordenador portátil convertible en tablet.

- a) **CATEGORÍA GRUPAL** (*considerarase grupo ó conxunto de disfraces coa mesma temática formados por un mínimo de 3 persoas*): o primeiro premio nesta categoría consistirá nun vale de 1000€ para canxear por unha viaxe nunha das seguintes axencias de Sada: Viajes Voar, Halcón Viajes, Nosotrostellevamos Viajes ou Viajes Ecuador; o segundo premio consistirá nunha estancia de fin de semana para 8 persoas nunha casa rural de Sada; haberá un terceiro premio consistente nunha comida/cea para 8 persoas nun restaurante de Sada, valorada en 160€
- b) **CARROZAS:** as comparsas participantes na categoría de carrozas deberán desfilas acompañando á súa plataforma móbil decorada. Os premios nesta categoría serán de carácter económico: un primeiro premio por valor de 1000€; segundo premio de 500€; un terceiro premio por valor de 300€. Estes premios estarán suxeitos ás posible retencións fiscais vixentes.

**6.2.** Os premios da categoría individual serán entregados aos participantes na mesma carpa. As e os participantes premiados nas categorías GRUPAL e CARROZAS recibirán un “vale” polo importe do premio. Con este documento será necesario presentarse na Oficina Municipal de Información Xuvenil (O.M.I.X.) en horario de 9:00h. a 14:00h. e de 16:00h. a 18:00h. de luns a venres, a seguinte documentación:



**6.3. PREMIOS CATEGORÍA GRUPAL:** neste caso, para facer efectivo o 1º premio o grupo gañador deberá comunicar á Concellería de Cultura a axencia de viaxes na que pretenden facer efectivo o seu vale, para que se poidan realizar as xestións necesarias para a contratación do servizo/viaxe acordada; o 2º premio suporá a entrega dun “vale” que será efectivo a todos os efectos; no caso do 3º premio o grupo gañador deberá comunicar á Concellería de Cultura en que restaurante queren facer efectivo o premio, para que se poidan realizar as xestións necesarias para a contratación do servizo.

**6.4. PREMIOS CATEGORÍA CARROZAS:** no caso destes premios, o grupo deberá designar unha persoa representante, mediante documento que asinarán os integrantes do mesmo. A persoa responsable representará ao grupo a efectos do cobro dos premios en metálico ou das accións que sexan necesarias para a entrega dos premios de distinta natureza. Deberán presentar:

- Copia do DNI das/os premiados.
- Copia do DNI das/os pais ou, representante legal (nos casos de menores de idade).
- Copia do libro de familia (se fose necesaria).
- Documento de designación de conta bancaria que se facilitará pola organización e que deberá ser asinado polas/os participantes premiados (no caso dos premios de carácter económico).
- Certificado bancario (IBAN) do número de conta da persoa representante designada para o cobro do premio en representación do colectivo.

**6.5.** O xurado, previa xustificación, poderá declarar desertos todos ou algún dos premios a conceder.

## **7. CONFORMIDADE.**

Todas/os participantes, polo feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade.

A organización realizará unha cobertura fotográfica dos diferentes momentos do desfile e do concurso de disfraces. As/os participantes, mediante a súa inscrición, consentirán na cesión da súa imaxe para as fotografías que se realizarán durante a celebración do concurso. As fotografías serán utilizadas pola Concellería de Cultura e Praias con fins divulgativos e para a promoción das súas actividades nos seus perfís sociais e páxina web oficiais.

## **8. ÓRGANO COMPETENTE**

O órgano competente para a ordenación, instrución e resolución do procedemento derivado das presentes bases será a Alcaldía.